

5.10.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DE PARTICIPACIÓN E ESTABLECEMENTO DE PREMIOS DA II EDICIÓN DA RUTA D'TAPAS ENTROIDO CON PREMIO EN BOIMORTO

Vistas as bases para regular a participación e establecemento de premios da II edición da ruta D'Tapas Entroido con premio en Boimorto redactadas en data 20/01/2017 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES DE PARTICIPACIÓN E ESTABLECEMENTO DE PREMIOS DA II EDICIÓN DA RUTA D'TAPAS ENTROIDO CON PREMIO EN BOIMORTO

1. Concepto

A II Edición da Ruta d' Tapas Entroido con premio en Boimorto, está organizada polo Concello de Boimorto. Terá lugar durante os días 25, 26, 27 e 28 de febreiro de 2017.

2. Participantes

Poderá participar na ruta calquera establecemento de hostalería que exerza legalmente a súa actividade en Boimorto e que elabore as súas propias tapas relacionadas coas comidas de Entroido, e o comunique o Concello. A tapa deberá ofrecerse durante todo o horario habitual de "tapeo", será obrigatorio ofrecela de sábado día 25 a martes día 28 de febreiro de 2017.

3. Desenvolvemento

O Concello de Boimorto facilitará os establecementos de hostalería participantes os cartóns que deberán entregar ós seus clientes, para estes cumprimentar cos seus datos persoais, e cada vez que sirvan unha consumición deberán selarlle o cartón no lugar que corresponda o seu establecemento. Así mesmo cada establecemento contará cunha caixa pechada para que o cliente poida depositar o seu cartón unha vez totalmente selado.

Os bares deberán suxerir o cliente que sele o cartón.

Os establecemento de hostalería participantes comprométense a servir durante os días que dura a ruta tapas relacionadas co Entroido así como caracterizarse e decorar o seu establecemento coa temática do Entroido.

Poden participar nesta ruta todas as persoas que queiran, deberán recoller nos establecementos de hostalería o seu cartón, e visitar todos os establecementos que están inscritos na ruta, o cartón entregárase no último onde consuman e terá que estar debidamente selado.

O mércores día 1 de marzo de 2017, o Concello recollerá dos establecementos de hostalería participantes todas as caixas cos cartóns. O xoves 2 de marzo de 2017 as 12:00 realizarase o sorteo, publicamente para coñecer os gañadores. Contarase con dúas urnas, nunha estarán as papeletas debidamente cumprimentadas, e noutra o establecemento no que debe gastar o vale; irase extraendo aleatoriamente unha papeleta de cada urna para saber onde ten que facer o gasto a persoa que resulte elixida.

O Concello contactará cos premiados para comunicarlles que saíron premiados.

4. Vales

Vales por un valor total de 570€ (30€ cada vale) para gastar nos seguintes establecementos de Boimorto: Supermercado Toñito, Cardelle Muebles, estanco, pescadería, frutería, Autoservicio Vidal, Aliprox, Bazar Lourdes, Josmer, Electrodomésticos Fraga, Enrique Rey, O Forno da Aldea, Mercería Merche, perruquerías (3), Ferr Cruce, Comercial Boimil e gasolinera. So se admite un vale por cada persoa participante.

O gasto deberase realizar antes do 24 de marzo de 2017, o establecemento participante deberá emitir unha factura a nome do concello, así mesmo a animadora sociocultural elaborará un informe no que conste os datos da persoa que ten dereito a efectuar o gasto e o establecemento no que lle corresponde facelo.

5. Publicidade

O Concello comprométese a darlle publicidade e difusión a Ruta D'Tapas Entroido con premio en Boimorto.

Boimorto, 20 de xaneiro de 2017

Animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

Informa Secretaría intervención que en aplicación do previsto nas Bases de execución do Orzamento Municipal 2016 actualmente prorrogado para o 2017, bases 44 e seguintes a competencia para aprobación destas bases de subvencións premios corresponde á Xunta de goberno local e deberá cumprirse o establecido nestas bases de execución do orzamento para outorgamento destas subvencións, polo que neste expediente deberán publicitarse as bases no BOP e na Base nacional de datos de subvencións e deberá acreditarse á publicidade da financiación pública polo Concello para o exercicio 2017, artigo 44 e seguintes.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases que rexerán a participación e establecemento de premios da II edición da ruta D`Tapas entroido con premio en Boimorto tal e como quedan reproducidas neste acordo.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE XANEIRO DE 2017.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

- D. Luís Rico Vereza
- D. Elisardo Montero Castro
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 13:30 horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezasete, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24/11/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24/11/2016.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada neste concello co número 135 17/01/2017, en data 20/01/2017, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 4º trimestre de 2016:

Outubro: 7.993,48 €

Novembro: 8.018,42 €

Decembro: 8.337,50 €

Total nómina neta 4º trimestre: 24.349,40 €

Total devengado: 24.349,40 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE DNA. MARÍA DEL CARMEN BRAVO PAZ SOLICITANDO INTERVENCIÓN DESTE CONCELLO PARA POÑER FIN AO PROBLEMA DE HUMEDADES NUNHA PARTE DA VIVENDA DA SÚA PROPIEDAD.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por Dna. María del Carmen Bravo Paz, con rexistro de entrada neste concello co número 101 o día 17/01/2017, na que expón que o tellado da vivenda anterior a súa, propiedade dos herdeiros de D. Benito Lavandeira, verte de forma continuada importantes cantidades de auga na súa parcela, ocasionando importantes problemas de humedades nunha parte da súa vivenda e SOLICITA:

<<Que habendo por presentado este escrito, o admita, e na súa virtude, acorde desplegar as actuacións oportunas, para poñer fin aos feitos dos que se deixan constancia neste escrito>>.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e á vista do artigo 586 do Código Civil, por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Informalle á interesada que en aplicación do disposto no artigo 586 do Código Civil que sinala “

“El propietario de un edificio está obligado a construir sus tejados o cubierta de manera que las aguas pluviales caigan sobre su propio suelo o sobre la calle o sitio público, y no sobre el suelo del vecino. Aun cayendo sobre el propio suelo, el propietario está obligado a recoger las aguas de modo que no causen perjuicio al predio contiguo. a vía civil e a vía adecuada para a presentación desta reclamación contra a propiedade lindante “

Deberá acudir á vía civil para esixir o cumprimento desta obriga da propiedade lindante .

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada ós efectos oportunos.

2.2.2.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ SOLICITANDO O USO DA FINCA NÚMERO 149 DO POLÍGONO 508 PARA USO E DISFRUTE DE TODA A XENTE DA PARROQUIA DE DORMEÁ

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Ramón Mariño López, presidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá, con rexistro de entrada no concello co número 104 o día 18/01/2017, no que fai fincapé sobre a cesión da finca número 149 do polígono 508 para uso e disfrute de toda a xente da parroquia de Dormeá ao ter no PXOM a consideración de equipamento nas categorías de relixioso, deportivo e cemiterio e **SOLICITA:**

<<Que atendendo á consideración da finca, esta sexa utilizada e se lle dea un uso similar ao previsto, priorizando en todo caso o beneficio que a súa explotación/productividade pode xenerar e aportar ás xentes de Dormeá e ao seu Patrimonio>>.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

ÚNICO.- Comunicarlle ao interesado que o equipamento sinalado no Plan xeral de ordenación municipal de Boimorto sitúase nunha propiedade titularidade doutra administración pública (Xunta de Galicia) polo que é necesaria a previa obtención da propiedade do solo para despois destinalo ao uso previsto no Plan xeral de ordenación municipal. Indicar que serán informados das negociacións coa Xunta de Galicia para dita obtención e actuacións relacionadas co destino final.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO OS DÍA 12 E 18 DE FEBREIRO DE 2017

Vista a solicitude presentada por Dna. María Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A actuando en representación da Agrupación Folclórica Santiaguíños, e con domicilio en Lugar Espiñeiro núm. 7, parroquia de Boimorto, na que solicita autorización para a utilización da casa

de cultura os días 12 e 18 de febreiro de 2017 en horario de mañá e tarde para realizar un obradoiro de percusión.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á representante da Agrupación folclórica Santiaguíños, Dna. María Carmen Barreiro Nouche, o uso do salón de actos da casa de cultura para os días 12 e 18 de febreiro en horario de mañá e tarde.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á intersada co réxime de recursos que pode interpoñer contra mesmo.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 1/2017) PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA FERRAMENTAS AGRÍCOLAS NO LUGAR DE BARRAL, PARROQUIA DE MERCURÍN, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. LUCÍA PAZOS BALADO.

Pola secretaria dáse conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 27/10/2016 acordouse requerir a Dna. Lucía Pazos Balado a presentación da autorización sectorial da Consellería do Medio Rural en aplicación do artigo 36.2 da Lei 2/2016 para poder continuar coa tramitación da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001) para realizar as obras de construción de galpón para ferramentas agrícolas no lugar de Barral, parroquia de Mercurín, na parcela número 426 do polígono catastral 502 (Referencia catastral: 15010A502004260000JL) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude con rexistro de entrada neste concello co número 192 en data 01/02/2016, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado número 395, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co nº 19, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal. Consta no expediente Oficio de dirección de obra e nomeamento do contratista.

Considerando que consta no expediente o informe requerido da Consellería do Medio Rural que tivo entrada neste concello co número 128 en data 18/03/2017.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 26/01/2017 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local, por unamidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. Lucía Pazos Balado con DNI 32748736W e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Iglesia s/n, San Esteban, 15819 Arzúa (LO 1/2017) para executar as obras de construción de galpón para ferramentas agrícolas no lugar de Barral, parroquia de Mercurín (solo rústico de protección forestal), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director de obra D. Eladio López Montes.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra maior ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- As obras a realizar consistirán na construción de:
 - .- Galpón cunha superficie de ocupación en planta de 150 m² (15x10 m), unha altura de cornixa de 5,08 m e cuberta a dúas augas de fibrocemento en cor tella natural. Os paramentos exteriores de bloque de formigón se enfuscarán e pintarán en cor branco.

- Deberá constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas na licenza.

- Deberá cumprir o disposto no artigo 23 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais e as distancias esixidas no anexo II da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

- As obras deben axustarse ao establecido no artigo 31 do PXOM de Boimorto.

- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será o regulado no artigo 43.3 do PXOM.

- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Informarlle á interesada que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 25.272 €uros.

Liquidación: **505,44 €uros.**

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Lucía Pazos alado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
15/000041-30/12/16	TRIO Pipe Systems, S.L. / B70386321	Monomando fregadeiro para a Residencia para persoas maiores	-63,89 €
34/00C-38-04/01/17	Mercash Sar, S.L. / B-36007409	Subministro caramelos para Cabalgata de Reis 2017	64,83 €
1-04/01/17	Mercartabria, S.L. Unipersonal / B15535552	Subministro caramelos para Cabalgata de Reis 2017	46,71 €
5-09/01/17	Hermanos López, S.L. / B-15818594	Subministro de fogos artificiais para Cabalgata de Reis 2017	363,00 €
410-2/01/17	Manuel J. Uzal Gómez / 76498650Y	Subministro de 910 chalecos reflectantes grabados a unha tinta na espalda.	2.532,53 €
74619-18/01/17	Río Blanco, S.L. / B-15424047	Subministro de hipoclorito sódico	

		para o depósito de Boimil. Albarán nº 87063 de 17/01/17	283,14 €
170004-20/01/17	Farmacia Saavedra Robledo / 33269647D	Subministro de arnés suxeción cama para a residencia	119,00 €
RC/17-5241-05/01/17	Federación Española de Municipios y Provincias / G28783991	Cota asociado FEMP 2017	119,64 €
53-23/01/17	María Sánchez Quintás / 78783950A	100 m cinta para marcaxe roupa usuarios da residencia	25,00 €
06/17-26/01/17	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico-urbanística ao concello mes xaneiro 2017	2.000,00 €
Liquidación	Deputación da Coruña	Tarifa reintegro renuncia subvención concedida programa igualdade ano 2015 Tarifa xuros de mora reintegro renuncia subvención concedida programa igualdade ano 2015	1.548,80 € 99,04 €
1-26/01/17	M ^a . Luz Pernas Montero / 76352632S	Material para Belén vivente	10,07 €
3-26/01/17		Material alumado público	33,99 €
4-26/01/17		Candado e cadea finca da Mota	18,55 €
5-26/01/17		Material para o centro de saúde	8,89 €
6-26/01/17		Material para o taller	8,36 €
7-26/01/17		Material servizo augas	41,20 €
8-26/01/17		Descargador cisterna residencia	12,50 €
2-26/01/17		Material pintado local social de Sendelle	59,51 €
A149177-12/01/17	Jim Sports Technology, S.L. / B15932304	Agasallos para os nenos/as Reis 2017	261,36 €
10002343-13/01/17	Wolters Kluwer España, S.A. / A58417346	Subscrición El Consultor de los Ayuntamientos período 01-2017 a 12-2017	2.558,40 €
1:A:17/190-17/01/17	Soluciones Técnico Sanitarias, S.L. / B-70193040	Subministro de material médico para a residencia	171,55 €
D- 14-03/01/17	Juan López Sánchez / 34258362T	Gasóleo calefacción centro de saúde	680,00 €
D- 28-05/01/17		Gasóleo calefacción residencia	1.813,56 €
D- 74-18/01/17		Gasóleo automoción	2.575,00 €
D- 75-18/01/17		Gasóleo calefacción albergue	330,00 €
PC 10-02/01/17	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. / B70055504	Contratación anual servizo de prevención (disciplina técnica) con data de inicio de 01/07/16 (Pago 1 de 2)	407,09 €
A/34-17-10/01/17	Gestcalor S.L. / B94038106	Pellet de madeira para caldeira do centro social de maiores	532,40 €
4/2017-12/01/17	Blanco Pampín, S.C. / J70435714	Actividades de animación no pavillón Cabalgata de Reis 2017	335,00 €
02/2017-18/01/17	José Manuel Presedo Mira / 44848185W	Alumado navideño composto por 18 arcos e 4 pinos inclúe montaxe, desmontaxe e posta en marcha	2.000,00 €

0010/S17-17/01/17	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación camión pequeno de recollida de lixo C6849BK	454,96 €
10.002-26/01/17	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Rodas para o vehículo municipal de protección civil	352,01 €
000212-27/01/17	Control de plagas Andrade, S.L. / B15989692	Cota bimestral polos servizos de control de plagas e legionella, realizados nos centros pertencentes ao concello, durante o mes de xaneiro 2017	686,83 €
28-A780-403956-01/01/17	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Teléfonos móbiles período 18/11/16-17/12/16	149,68 €
0001547-01/01/17	Tecnologías de Desarrollo, S.L. / B05233994	Mantemento programa residencia xaneiro 2017	59,29 €
TA5EB0243886	Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474	Recibo teléfono oficinas concello	307,25 €
TA5EB0244240		Recibo teléfono fax	0,00 €
TA5EB0239997		Recibo teléfono servizos sociais	68,96 €
TA5EB0243746		Recibo teléfono ascensor concello	17,40 €
TA5EB0239998		Recibo teléfono PAI	92,38 €
TA5EB0239996		Recibo teléfono xulgado de paz	27,78 €
TA5EB0244677		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	59,86 €
TA5EB0246781		Recibo teléfono residencia e centro de día	133,79 €
TA5EB0246596		Recibo teléfono ascensor residencia e centro de día	17,40 €
19/01/17			

5.3.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 27/01/2017

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarias do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARÍA BALADO BERNÁRDEZ - FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do artigo 3

2.- MARÍA DURO FERNÁNDEZ - FISIOTERAPIA **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia

c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

**3.- LUCÍA ESTHER MEJUTO GARCÍA - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

**4.- ISABEL VISITACIÓN RIELO SÁNCHEZ - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María Balado Bernárdez, María Duro Fernández, Lucía Esther Mejuto García e Isabel Visitación Rielo Sánchez e no servizo de podoloxía a María Balado Bernárdez.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2017. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.4.- APROBACIÓN FACTURA XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS PLUSES ANUAIS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes dos pluses anuais introducidos no Convenio Marco para a recollida selectiva e reciclaxe de envases entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, S.A. (Ecoembes) asinado o 30 de decembro de 2012 no que se contempla un plus anual variable e un plus fixo pola recollida de envases lixeiros e a facturación por este concepto levarase a cabo de forma anual, unha vez pechado a facturación do ano precedente.

Aos efectos expresados nos apartados anteriores emitíuse por este Concello as seguintes facturas:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Decembro 2016	20170045	Plus anual fixo recollida selectiva	314,27	31,43	345,70
Decembro 2016	20170046	Plus anual variable recollida selectiva	145,37	14,54	159,91

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20170045 e 20170046 a Ecoembes para que procedan a efectuar o seu pago.

5.5.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO CUADRIMESTRE DO EJERCICIO 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 85 en data 13/01/2017, recordando que durante este mes de xaneiro as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao terceiro cuadrimestre do exercicio 2016 e o canon da auga de consumos propios correspondente ao ano anterior.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 288/2016 de data 26 de xullo de 2016 correspondente ao segundo trimestre do período impositivo de 2016, cunha liquidación de 3.612,78 €uros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 1 de agosto de 2016 número 144).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de setembro de 2016.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón ata o día da data, 27 de xaneiro de 2017, por importe de 3.608,19 €uros.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 425/2016 de data 30 de setembro de 2016 correspondente ao terceiro trimestre do período impositivo de 2016, cunha liquidación de 4.589,82 €uros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 14 de outubro de 2016 número 195).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de decembro de 2016.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón ata o día da data, 27 de xaneiro de 2017, por importe de 4.585,23 €uros.

Vista o importe do canon de auga de consumos propios correspondente aos edificios municipais, por importe de 734,40 €uros

Vista a relación de recibos impagados correspondente ao segundo e terceiro trimestre de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao cuarto cuadrimestre do exercicio 2016 por importe total de 8.927,82 €uros, autorizando o gasto de 8.193,42 €uros con cargo a conta extraorxamentaria 20310 do orzamento municipal de 2016 prorrogado no 2017 e 734,40 €uros con cargo á aplicación orxamentaria 161.22501 do referido orzamento municipal de 2016 prorrogado no 2017.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do segundo trimestre de 2016 que a continuación se reflexan:

Nome e Apellidos	DNI	Domicilio Subministro	Débeda
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,53 €
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	1,53 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €

TERCEIRO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do terceiro trimestre de 2016 que a continuación se reflexan:

Nome e Apelidos	DNI	Domicilio Subministro	Débeda
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,53 €
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	1,53 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €

CUARTO.- Efectuar o ingreso na conta número ES83/2080/5355/6031/10037252 de Abanca.

5.6.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XANEIRO 2017

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 26/01/2017 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 27/12/2016 e o 26/01/2017 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que presentaron instancias de solicitude do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia, que pasarían a formar parte na lista de espera, Dna Asunción Enjamio García cunha puntuación total de 31 puntos e Don Ricardo Castro Novo cunha puntuación total de 30 puntos.

2º.- Que se iniciou o servizo de axuda no fogar no domicilio de Ascensión Fandiño López (2 horas semanais e de Don Domingo Antonio Garea Castro (3 horas semanais) e a Dna. Elena Liñeira Senín por urxencia (Resolto por Decreto 6/2017 con data do 5/01/2017)

3º.- Que contempladas estas variacións a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Ascensión Fandiño López Rúa Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	43 puntos
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Domingo Antonio Garea Castro Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto	24 puntos	6 puntos	0 puntos	6 puntos	36 puntos
Mercedes Carreira Vázquez Lg. Souto, Andabao, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	0 puntos	39 puntos
Dolores Novo Gíao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
María Mato Méndez Lg. Outeiro, Boimorto	24 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	34 puntos
Antonio Sánchez Barreiro Lg. Casanova, Arceo	10 puntos	18 puntos	0 puntos	5 puntos	33 puntos
Elena Liñeira Senín Lg. Condes, Corneda	20 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos

Celia Cajide Rico Lg Gárdoma, Boimil	32 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dorneá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Carmen Mejuto Rúa Lg Carretera, Corneda	24 puntos	6 puntos	0 puntos	1 punto	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos

4º.- Que existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia por modificarse a petición da interesada o número de horas de atención de Dona Aurora Novo Andrade pasando de ter real e efectivamente prestadas 45 horas mensuais a ter 9 horas mensuais. Quedan horas dispoñibles para poder asignar e estamos á espera de que a Xunta inclua na lista do SIGAD a usuarios para poder asignar esas horas pendentes

5º.- Que contemplada esta variación a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de xaneiro:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 38 efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente

Lg. Piñeiro – Sendelle	prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 60 efectivamente prestadas.
José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e só 10 efectivamente prestadas
Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 - Ánxeles	Grao II, 45 horas concedidas e só 9 efectivamente prestadas a petición da interesada
Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 - Sendelle	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen García Taboada Lg Vilanova, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas

6º.- Que causan baixa na lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia Dona Ascensión Fandiño López e Don Domingo Antonio Garea Castro por darlles comenzo o servizo.

7º.- Que de aprobar as solicitudes presentadas para formar parte na lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia esta lista quedaría do seguinte xeito a 26 de xaneiro 2017:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 5º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 6º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 7º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 8º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 9º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 10º.- Sabina Vilariño Vereá, 28 puntos.
- 11º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.

- 12.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 13°.- María del Carmen García Ramos, 24 puntos.
- 14°.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 15°.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 16°.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 17°.- Ricardo García García, 17 puntos.
- 18°.- Josefa Quintela Abad, 17 puntos.
- 19°.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 20°.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora Social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 26/01/2016.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios aos que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionado nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 26/01/2017, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a Dna. Asunción Enjamio García (solicitude presentada en data 26/01/2017 rexistro de entrada número 185) no posto número cuarto e D. Ricardo Castro Novo (solicitude presentada en data 26/01/2017 rexistro de entrada número 186) no posto quinto.

CUARTO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1°.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2°.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3°.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4°.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 5°.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 6°.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 7°.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 8°.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 9°.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 10°.- Sabina Vilariño Vereá, 28 puntos.
- 11°.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 12.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 13°.- María del Carmen García Ramos, 24 puntos.
- 14°.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 15°.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 16°.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 17°.- Ricardo García García, 17 puntos.
- 18°.- Josefa Quintela Abad, 17 puntos.
- 19°.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 20°.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

**5.7.- DACIÓN CONTA RESULTADO REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
EXCURSIÓN A SILLEDA PARK O DIA 30 DE DECEMBRO DE 2016.**

Pola secretaria dáse conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 24/11/2016 foron aprobadas as bases para establecemento de prezo público para a excursión a Silleda Park que se levaría a cabo o día 30 de decembro de 2016 onde se fixaba un mínimo 25 participantes.

Seguidamente dáse conta do informe emitido pola animadora sociocultural do concello, Dna. Yolanda Barreiro Garea, no que informa que a actividade a Silleda Park non se levou a cabo por non acadar o número mínimo de participantes.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade,
ACORDAN:

ÚNICO.- Arquivar o expediente tramitado.

5.8.- DACIÓN DECRETO DE ALCALDÍA Nº 548/2016 DE DATA 30/11/2016, POLO QUE SE APROBARON AS BASES QUE REXERON OS PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO DE MARINEDA CITY (A CORUÑA) E DACIÓN RESULTADO DA ACTIVIDADE.

Pola secretaria dáse conta do Decreto ditado pola Alcaldía nº 548/2016 de data 30/11/2016, polo que se aprobaron as bases que rexeron os prezos públicos para a excursión á pista de xeo de Marineda City e que teñen que ser ratificadas pola Xunta de Goberno Local ao ser competencia deste órgano colexiado, tal como dispón o artigo 3 do acordo regulador dos prezos públicos por actividades, servizos, culturais, deportivos e análogos do Concello de Boimorto aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada con data 29/10/2009, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, con modificación aprobada en sesión ordinaria plenaria de data 28/10/2010, publicada no BOP nº 35 de data 8/11/2010.

A excursión levaríase a cabo o día 17 de decembro de 2016, sendo necesario un mínimo de 25 inscritos.

Seguidamente dáse conta do informe emitido polo animador deportivo do concello, D. César Buján Barral, no que informa que a excursión á pista de xeo de Marineda City non se levou a cabo por non acadar o número mínimo de participantes.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade,
ACORDAN:

ÚNICO.- Non ratificar o Decreto de Alcaldía nº 548/2016 de 30/11/2016 ao non levarse a cabo a actividades e arquivar o expediente tramitado.

5.9.- DACIÓN CONTA RESULTADO REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: PINCHOTE O DE NADAL O DIA 21 DE DECEMBRO DE 2016 NO CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE MAIORES.

Pola secretaria dáse conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 24/11/2016 foron aprobadas as bases para establecemento de prezo público para a actividade “Pinchoteo de Nadal”, establecendo o prezo público de 3€/participante e levouse a cabo o día 21 de decembro de 2016.

Seguidamente dáse conta do informe emitido pola animadora sociocultural do concello, Dna. Yolanda Barreiro Garea, no que informa que na actividade asistiron 32 participantes e recaudouse un total de 96,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as, constatando que o prezo público dou cobertura ao custe da actividade.